

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ



carlosgallegodominguez.com

CUESTIONARIO

LETRAS GALEGAS 17 DE MAIO DE 2024

 Seminario Galán.org



XUNTA
DE GALICIA




Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

1

O DÍA DAS LETRAS GALEGAS É UN DÍA DE EXALTACIÓN DA LINGUA DE GALICIA A TRAVÉS DA SÚA MANIFESTACIÓN LITERARIA. COMEZOU A CELEBRARSE O 17 DE MAIO DO 1963, COINCIDINDO CO CENTENARIO DA PRIMEIRA EDICIÓN DE **CANTARES GALLEGOS**, DE ROSALÍA DE CASTRO.



1. Cando se celebrou o primeiro Día das Letras Galegas?

2. Quen é a autora de *Cantares Gallegos*?

2

A REAL ACADEMIA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS 2024 A LUÍSA VILLALTA GÓMEZ, CREADORA DUNHA OBRA LITERARIA SINGULAR, RECOÑECIDA SOBRE TODO COMO POETA PERO QUE CULTIVOU TAMÉN O TEATRO, A NARRATIVA, O ENSAIO...



3. A quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas?

4. En que xéneros literarios escribiu os seus libros?

3

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ NACEU O 15 DE XULLO DE 1957 NA CORUÑA, NA RÚA VILA DE LAXE, EN PLENO BARRIO DO GURUGÚ. ERA A PRIMOXÉNITA DO MATRIMONIO DE RAFAEL E MARÍA DEL CARMEN, Á QUE SEGUIRÍA OUTRA FILLA, SUSANA.



5. Onde naceu Luísa Villalta?

6. En que data?

4

OS ESTUDOS PRIMARIOS REALIZOUNOS NO COLEXIO RELIXIOSO DAS XOSEFINAS, NA RÚA JUAN FLÓREZ, PRETO DO SEU DOMICILIO FAMILIAR E O BACHARELATO NO INSTITUTO CORUÑÉS EUSEBIO DA GUARDA, NA PRAZA DE PONTEVEDRA.



7. En que colexio fixo os estudos primarios?

8. En que instituto estudou o bacharelato?
Arrodea.

RAFAEL DIESTE MONELOS A SARDIÑEIRA
MONTE DAS MOAS EUSEBIO DA GUARDA

5

FOI TITULADA SUPERIOR EN VIOLÍN. NOS ANOS OITENTA CREOU ESCAINO, UN GRUPO DE MÚSICA FOLK. FORMOU PARTE DA ORQUESTRA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DA XOVE ORQUESTRA DE GALICIA, ACTIVIDADES QUE DEIXOU AO INCORPORARSE Á DOCENCIA.



9. Que instrumento musical tocaba?

10. Que grupo musical creou nos anos oitenta?

6

LICENCIÓUSE EN FILOLOXÍA HISPÁNICA, NA SUBSECCIÓN DE GALEGO-PORTUGUÉS, E NO ANO 1988 APROBOU AS OPOSICIÓN PARA DOCENTE DE SECUNDARIA NA ESPECIALIDADE DE LINGUA E LITERATURA GALEGA. EXERCEU COMO DOCENTE EN TRES CENTROS DA PROVINCIA CORUÑESA.



11. En que se licenciou?

12. De que especialidade era especialista?
Arrodea.

LINGUA E LITERATURA GALEGA MATEMÁTICAS

LINGUA INGLESA CIENCIAS SOCIAIS EDUCACIÓN FÍSICA

7

A PRIMEIRA PUBLICACIÓN DE LUÍSA É DO ANO 1989, **CONCERTO PARA UN HOME SÓ**, UNHA OBRA DE TEATRO EDITADA POR CADERNOS DA ESCOLA DRAMÁTICA GALEGA, PUBLICACIÓN COORDINADA POR MANUEL LOURENZO E DIRIXIDA POR FRANCISCO PILLADO.



13. Cal é o título do seu primeiro libro?

14. De que xénero era *Concerto para un home só*?

8

A NOVELA **TEORÍA DE XOGOS** PUBLICOUNA A EDITORIAL LAIOVENTO, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN 1997. NESTA NOVELA LUÍSA NARRA AS SENSACIÓNS DE CINCO PESONAXES AO ATOPARSE COS CAMBIOS SOCIAIS DOS NOVOS TEMPOS.



15. Que editorial publicou *Teoría de Xogos*?

16. Cantos personaxes protagonizan esta novela? Arrodea.

SETE NOVE DEZ CATRO DOUS CINCO
DEZANOVE VINTE VINTE E OITO UN

LUÍSA FOI TAMÉN ARTICULISTA CON COLABORACIÓNS EN MOITOS XORNAIS GALEGOS: **MAN COMÚN**, **TEMPOS NOVOS**, **GRIAL**, **LUZES DE GALIZA**... OS SEUS ARTIGOS PUBLICADOS NO XORNAL **A NOSA TERRA**, DE 2002 A 2004, ESTÁN RECOLLIDOS NO **LIBRO DAS COLUNAS**.



17. Completa o nome destes xornais nos que colaborou Luísa Villalta.

GR _ _ L
M _ N C _ M _ N
L _ Z _ S D _ G _ L _ C _ _
T _ M P _ S N _ V _ S

O LIBRO DAS COLUNAS FOI PUBLICADO POLA EDITORIAL A NOSA TERRA. NESTE LIBRO RECÓLLENSE OS ARTIGOS PUBLICADOS POR LUÍSA VILLALTA NO XORNAL DO MESMO NOME DURANTE DOUS ANOS, DE 2002 A 2004.



18. Que editorial publicou *O libro das colunas*?

19. De onde era a muller do relato que aínda atinou bastante ben?

11

A POESÍA É O XÉNERO NO QUE LUÍSA MÁIS TRABALLOU, O DE MAIOR NÚMERO DE PUBLICACIÓNS E POLO QUE É MÁIS COÑECIDA. NA SÚA PRIMEIRA OBRA, **MÚSICA RESERVADA**, EDITADA EN 1991 POR EDICIÓNS DO CASTRO, UNE AS SÚAS DÚAS GRANDES PAIXÓNS, A MÚSICA E A POESÍA.



20. Que xénero literario utilizou para escribir os seus libros Luísa Villalta?

21. Cal é o título da súa primeira obra poética?

12

A OBRA POÉTICA, **MÚSICA RESERVADA**, INCLÚE VARIOS CADERNOS DE POEMAS. O PRIMEIRO, **MÚSICA RESERVADA**, DÁ TÍTULO AO POEMARIO AO QUE SEGUEN **O OCO DA PALABRA**, **GRIAL DO SOL PERDIDO** E **PÓS DATA**.



22. Pon o nome de dous cadernos de poemas que aparecen en *Música reservada*.

23. De que cidade fala o poema?

AS CHAVES DO TEMPO, UNHA NOVELA DE LUÍSA VILLALTA, PUBLICADA NO ANO 2001 POLA EDITORIAL A NOSA TERRA. CÓNTANOS A HISTORIA DUN REI, DON ARTURO, QUE DEIXA EN MANS DA FORTUNA QUEN DOS SEUS DOUS FILLOS DEBE REINAR.



24. Como se chama o rei protagonista da novela *As chaves do tempo*?

25. Cantos fillo tiña o rei don Arturo?

O POEMARIO **EN CONCRETO** FOI PUBLICADO POLA EDITORIAL ESPIRAL MAIOR NO ANO 2004. OS SEUS POEMAS ESTÁN DEDICADOS Á SÚA CIDADE NATAL, A CORUÑA. ACADOU, NO 2003, O XII PREMIO DE POESÍA ESPIRAL MAIOR E O DA CRÍTICA DE GALICIA, NO 2005.




26. A que cidade están dedicados os poemas de *En concreto*?

27. Que premio acadou no ano 2003?

15

FALECEU UN SEIS DE MARZO DE 2004, AOS 46 ANOS, A CAUSA DUNHA MENINXITE. OS SEUS RESTOS DESCANSAN NO CEMITERIO CORUÑÉS DE SANTO AMARO, ONDE FOI DESPEDIDA CUN ACTO ORGANIZADO POR ESCRITORES E POETAS GALEGOS, CON POEMAS E MÚSICA DE VIOLÍN.



28. En que data faleceu Luísa Villalta?

29. Como a despediron?

16

NO ANO 2017, CO OBXECTIVO DE CONTRIBUÍR A DIVULGAR A OBRA E A FIGURA DE LUÍSA, A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA ESTABLECEU O PREMIO LUÍSA VILLALTA PARA PROXECTOS POLA IGUALDADE.



30. Quen creou o Premio Luísa Villalta?

31. En que ano? Arrrodea.

2001 2007 2019 2002 2017 2024
2015 2009 2003 2022

NO 2022 A CORPORACIÓN MUNICIPAL DA CORUÑA APROBOU DARLLE O NOME DE LUÍSA VILLALTA A UNHA RÚA DO BARRIO CORUÑÉS DE MATOGRANDE, POLA DEFENSA QUE FIXO DA CULTURA DE GALICIA E DO IDIOMA GALEGO.



32. En que barrio coruñés está a rúa Luísa Villalta?

34. Por que lle dedicaron unha rúa?

LUÍSA VILLALTA GÓMEZ

DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2024

NOME: _____ **CURSO:** _____